

Plan de Autoprotección

C.E.I.P. Milladoiro
Curso 2016/17

ÍNDICE

Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.

- 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.
- 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención, caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

- 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.
- 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.
- 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.
- 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
- 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

- 3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.

- 4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.

- 5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.
- 5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.

Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.

- 6.1 Identificación e clasificación das emerxencias
- 6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:

- a) Detección e Alerta.
 - b) Mecanismos de Alarma.
 - b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.
 - b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.
 - c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.
- 6.3. Protocolo de evacuación do centro

Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

- 7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia
- 7.2 A coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o plan de autoprotección.
- 7.3 As formas de colaboración da Organización de Autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.

Capítulo 8. Implantación do Plan de Autoprotección.

- 8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.
- 8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Autoprotección.
- 8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Autoprotección.
- 8.4 Sinalización.

Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.

- 9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.
- 9.2 Programa de simulacros.
- 9.3 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Autoprotección.

Anexo I. Directorio de comunicación.

Teléfonos de axuda exterior.

Anexo II. Planos

Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade

1.1. Enderezo Postal do emprazamento do centro. Teléfono e Fax

Denominación	C.E.I.P. Milladoiro
Enderezo postal	R/ Ventorrillo, s/n
Localidade	Malpica de Bergantiños
Teléfono	881880736/881880737
Fax	881880738
Correo electrónico	ceip.milladoiro@edu.xunta.es

1.2. Nome do Xefe de Emerxencias e Intervención. Enderezo Postal, Teléfono e Fax

Xefe de Emerxencias	M ^a Olga Rodríguez Díaz
Enderezo particular	Emilio González 41/43, 6 ^o esquerda
Localidade	Malpica
Teléfonos	981 72 02 58 / 670011556

Xefe de Intervención	Ana Isabel Otero Magdalena
Enderezo particular	Rúa do concello nº 16 Bloque 3 Baixo esqda.
Localidade	Ponteceso
Teléfonos	630477820

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve

2.1. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan

Actividade principal	Centro de ensinanza de Educación Infantil e Primaria
Niveis educativos	Educación Infantil (4 ^o , 5 ^o e 6 ^o)
	Educación Primaria (1 ^o , 2 ^o , 3 ^o , 4 ^o , 5 ^o e 6 ^o)

2.2. Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan

O plan está redactado para o colexio así como para o pavillón deportivo (que está situado dentro do recinto escolar) durante as horas lectivas en que os alumnos/as estean dando clase alí.

2.2.1. Datos do conxunto do Establecemento

Edificio	Uso	Superficie	Situación	Características estruturais
Colexio	Clases	3533,30 m ² (sen patio cuberto) 4265,63 m ² (con patio cuberto)	Xunto á entrada principal, na parte dianteira do recinto	Edificio que consta de tres andares (Planos incluídos no Anexo)
Pavillón	Clases de Ed. Física	2001,52 m ²	Na parte traseira do recinto, xusto detrás do colexio	Edificio dun só andar. Inclúe, no seu interior, un ximnasio.

2.2.2. Sectores de incendio

Podemos falar de dous sectores principais: o edificio do colexio e o pavillón deportivo, que está situado dentro do recinto escolar. O pavillón deportivo pertence ao Concello, pero durante o horario lectivo, as clases de Educación Física de Educación Primaria desenvólvense alí, é por iso que o consideramos tamén.

O edificio do colexio consta de tres andares:

) No andar baixo só se levan a cabo as clases de psicomotricidade de Educación Infantil e tamén están situados: a sala de mestres/as, o departamento de orientación, a sala de fotocopiadoras, o despacho de dirección e o local da ANPA.

) No primeiro andar están situadas as aulas de Educación Infantil e as do primeiro ciclo de Educación Primaria (escolares entre 3 e 7 anos). Tamén atopamos a aula de música, a aula de cocíña, unha das aulas de inglés, a biblioteca e a sala de computadores.

) No segundo andar están situadas o resto de aulas de Educación Primaria (escolares entre 8 e 12 anos). Tamén están as aulas de audiovisuais, arquivo, material, relixión, segunda aula de inglés, aulas dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e comedor.

2.2.3. Superficies de cada planta ou sector

Edificio 1: Colexio

Andar – Zona	Actividade	Sup. en m ²	Ocupación
Andar baixo	Psicomotricidade	680 m ² (sen patio cuberto)	Variable
	Dirección		
	Sala mestres/as	1412,33 m ² (con patio cuberto)	
	Dep. Orientación		
1º Andar	Clases	1426,65 m ²	Aproximadamente 100 alumnos/as cos seus mestres/as. Ademais, os grupos que poden estar nas aulas das especialidades.
	Aula de informática		
	Aula de cociña		
	Aula de música		
	Aula de inglés		
	Biblioteca		
	Baños		
2º Andar	Clases	1426,65 m ²	Uns 100 alumnos/as, cos seus mestres/as.
	Aulas de especialidades		
	Baños		Variable
	Comedor		
	Totais	3533,30 m ² (sen patio cuberto)	220 persoas
		4265,63 m ² (con patio cuberto)	

Edificio 2: Pavillón deportivo

Andar – Zona	Actividade	Sup. en m ²	Ocupación
Pavillón	Educación Física	1568,72 m ²	Excepto casos especiais, como máximo, 25 alumnos/as e o
Ximnasio	Educación Física	296 m ²	

			mestre de Ed. Física.
Baños		136,80 m ²	Variable
	Totais	2001,52 m ²	Variable

2.2.4. Vías de evacuación

Vías de Evacuación Horizontais

Características	Pasillo 1	Pasillo 2
Ubicación	2º Andar – Lateral comedor	2º Andar – Lateral aulas
Clasificación	<input type="checkbox"/> Principal	<input type="checkbox"/> Principal
Lonxitude	65 m.	65 m.
Anchura vías	1,4 m.	1,8 m.
Alumeado de emerxencia	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> SI
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> NON
Saídas	Dependendo do sector: Cara Dirección ou Psicomotricidade	Dependendo do sector: Cara Dirección ou Psicomotricidade

Características	Pasillo 3
Ubicación	1º Andar
Clasificación	<input type="checkbox"/> Principal
Lonxitude	65 m.
Anchura vías	5 m.
Alumeado de emerxencia	<input type="checkbox"/> SI
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> NON
Saídas	Dependendo do sector: Cara o Pavillón ou Psicomotricidade

* Todas as portas de saída do centro son antipánico, polo que abren cara fóra.

Vías de Evacuación Verticais

Características	Escaleira 1
Ubicación	Lateral psicomotricidade

Clasificación	<input type="checkbox"/> Principal
Tipo	<input type="checkbox"/> Pechada
Lonxitude	4 tramos de 10 escaleiras
Anchura vías	2,5 m.
Posee vestíbulos	<input type="checkbox"/> NON
Alumeado de emerxencia	<input type="checkbox"/> SI
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> NON
Saída	Patio cuberto
Características	Escaleira 3
Ubicación	Exterior – Lateral cemiterio
Clasificación	<input type="checkbox"/> Principal
Tipo	<input type="checkbox"/> Exterior
Lonxitude	5 tramos de entre 6 e 9 escalóns
Anchura vías	1,5 m.
Posee vestíbulos	4 descansos
Alumeado de emerxencia	<input type="checkbox"/> NON
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> NON
Saída	Patio descuberto

2.3. Clasificación e descrición de usuarios

No centro están escolarizados 182 alumnos/as, 45 de Educación Infantil e 137 de Educación Primaria. Persoal: 16 mestres/as, outros 3 con dedicación parcial, unha coidadora e 1 conserxe. En horario de comedor contamos, asemade com 3 auxiliares de comedor.

Todas as zonas do colexio son utilizadas por alumnos/as, e mestres/as.

O pavillón é utilizado, salvo casos excepcionais, polo mestre de Educación Física e os grupos de alumnos/as de Educación Primaria.

2.4. Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade

2.4.1. Datos da contorna

O centro está ubicado nunha **contorna semiurbana**. É unha zona de fácil acceso e os edificios que o rodean directamente nos deberían supoñer, en ningún caso, un risco ou perigo para o edificio escolar. No seguinte apartado descríbese un pouco mais póllo miúdo o uso dos edificios lindeiros.

2.4.2. Usos de edificios lindeiros

Edificio	Ubicación	Uso principal	Outros datos
1	Centro Cívico Municipal	Inclúe a Biblioteca municipal.	Situado fronte a porta principal do colexio, con saída directa ao patio descuberto.
2	Pavillón Deportivo Municipal	Nel desenvólvense as clases de Ed. Física (grupos de Ed. Primaria) en horario lectivo.	Situado na parte posterior do colexio, dentro do recinto escolar.
3	Cemiterio		Situado na parte posterior do colexio, pero fóra do recinto escolar.

-) No anexo III inclúese un plano onde se pode observar onde están situados cada un destes edificios.

2.5. Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa

2.5.1. Accesos

O establecemento atópase situado na rúa: Ventorrillo.

Os accesos para peóns son:

- PRINCIPAL pola rampa desde a rúa Ventorrillo.
- SECUNDARIO pola zona do Cemiterio.

Os accesos para vehículos son:

- PRINCIPAL pola rampa desde a rúa Ventorrillo (só excepcionalmente hai tráfico rodado na rampa. En ningún caso en horario de entradas e saídas do centro).
- SECUNDARIO pola zona do cemiterio. Accédese ata preto do edificio.

2.5.2. Ancho das vías

Importante: ver o plano de situación nos Anexos.

O ancho da calzada da rúa Ventorrillo é de 8 m.

O ancho da rampa de subida é de 8 m.

O ancho da calzada da rúa desde a zona do cemiterio (só entrada peonil) é de 3 m.

2.5.3. Sentidos de circulación

O sentido de circulación da rúa Ventorrillo é dobre. É a vía de entrada e saída de Malpica. Xusto fronte á rampa que sube ao centro, hai unha estrada secundaria que baixa cara á praia. En horario de entradas e saídas o tráfico está regulado pola Policía Municipal.

2.5.4. Accesibilidade de vehículos pesados.

Para o acceso dos vehículos pesados, o establecemento:

Ten accesibilidade para persoas e vehículos pola entrada PRINCIPAL xa que dispón dunha entrada suficientemente ancha. Pola entrada SECUNDARIA é accesible para persoas pero non para ningún tipo de vehículo xa que ten tramos de escaleiras.

Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos

3.1. Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma

3.1.1. Instalacións propias do edificio

3.1.1.1. Electricidade

Fonte de suministro	<input type="checkbox"/> compañía
Potencia xerada ou contratada	35 Kw/h
Ubicación de quadro xeral	Sala pechada do patio cuberto
Ubicación de cadros de zonas	Entrada principal (Andar baixo)
	No corredor do primeiro andar
	No corredor do segundo andar

3.1.1.2. Calefacción

As características da caldeira:

Combustible	Gasoleo
Ubicación	Sala pechada no patio cuberto

Sobre o depósito de almacenamento de combustible:

Tipo de combustible	Gasoleo
Uso	<input type="checkbox"/> calefacción
Tanque	<input type="checkbox"/> soterrado
Capacidade	12000 litros
Ubicación	Patio exterior

Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección

4.1. Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias

4.1.1. Medios materiais: Instalacións de Protección

Neste apartado, inclúense todos os tipos de instalación de protección dos que dispón o edificio. Ao final tamén indicaremos se é necesario instalar algunha outra medida.

4.1.1.1. Detección automática

O Centro non dispón de ningún sistema de detección de incendios ou fumes.

4.1.1.2. Instalación de alarma

Os pulsadores de alarma están situados na entrada principal do edificio. Na taboa seguinte temos a información. O terminal de megafonía está na sala de reprografía.

Cobertura da megafonía	Patio exterior. Corredores interiores.
Cobertura da sirena	Patio exterior
Cobertura do timbre	Todo o centro
Ubicación dos pulsadores	Entrada principal

4.1.1.3. Bocas de Incendio Equipadas

No centro non existen bocas de incendio, pero si hai mangueras:

Número	Tipo	Lonxitude manguera	Ubicación
1	45 mm	25 m.	Andar baixo – Entrada ppal. ao lado dereito do comezo das escaleiras

2	45 mm	25 m.	Andar baixo – Entrada psicomotricidade ao lado esquerdo do comezo das escaleiras
3	45 mm	25 m.	Andar primeiro – Frente á saída da pasarela
4	45 mm	25 m.	Andar primeiro – Lado esquerdo antes da porta de entrada no andar
5	45 mm	25 m.	Andar segundo – Lado esquerdo antes da porta de entrada no andar
6	45 mm	25 m.	Andar segundo – Xunto á porta da <i>Eira das Meigas</i>

4.1.1.4. Extintores

Os extintores dos que dispón o centro son:

Número	Axente extintor	Eficacia	Ubicación
1	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Caldeira
2	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Cadro xeral de luz
3	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Sala de espera
4	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Biblioteca
5	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Sala de audiovisuais
6	Po 6 kg. ABC	27 A 183B C	Comedor

4.1.1.5. Iluminación de emerxencia

Todas as aulas, estancias e corredores dispoñen de luz de emerxencia. É preciso revisalas xa que moitas delas están fundidas.

4.1.2. Medios humanos do establecemento

As persoas que participan na emerxencia constitúen a Brigada de Emerxencias e está formada por:

- Xunta de autoprotección escolar
- X. E., Xefe de Emerxencias.
- X. I., Xefe de Intervención.
- E. A. E., Equipo de Alarma e Evacuación.
- E. P. A., Equipo de Primeiros Auxilios.
- E. P. I., Equipo de Primeira Intervención.

4.1.2.1. Xunta de Autoprotección Escolar

Está composto por:

- A Dirección.
- Representantes dos distintos colectivos que compoñen o Consello escolar.

As súas funcións fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha política de prevención no establecemento.
- Avaliar e analizar a programación prevista, incluídos os simulacros.

4.1.2.2. Xefe de Emerxencias (X.E.)

É a persoa encargada pola Dirección para resolver as emerxencias.

No plan de autoprotección ten as seguintes funcións:

- Programa de Mantemento das instalacións.
- Programa de Formación da Brigada.
- Investigación das emerxencias.
- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Supervisión dos exercicios de evacuación e das prácticas da Brigada.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

No noso centro exercerá esta función a Directora.

4.1.2.3 Xefe de Intervención (X.I.)

É o coordinador dos equipos que interveñen na resolución da emerxencia.

As súas funcións son:

- Notificación da posible causa ao Xefe de Emerxencias
- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de emerxencias.
- Substitución do Xefe de Emerxencias.
- Colaboración co Xefe de Emerxencias na formación da Brigada.

No noso centro exercerá esta función a Conserxe.

4.1.2.4. Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)

É o equipo que dá a alarma no seu sector e evacúao.

As súas misións son:

- Dar a alarma na súa zona ou sector.
- Dirixir o fluxo de evacuación.
- Comprobar que a súa zona está baleira.
- Controlar os evacuados nos Puntos de Reunión.

Sector 1: Profesora en 2º	Sector 2: Profesora de Música ou Profesora 4º E.I.
Sector 3: Profesora en 4º	Sector 4: Profesora en 5º

4.1.2.5. Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.)

É o equipo que dá atención sanitaria primaria até a chegada de persoal sanitario especializado.

As súas misións son:

- Prestar Primeiros Auxilios aos accidentados ata a chegada de Persoal Sanitario Especializado.
- Axudar na Evacuación dos feridos baixo a Dirección do Persoal Sanitario.

No noso centro exercerán esta función o profesorado do Departamento de Orientación dirixido pola Xefa de Estudos.

4.1.2.6. Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.)

É o equipo que actúa contra a emerxencia no primeiro momento, tentando resolvela.

Realizarase un cuadrante que recolla ao persoal adscrito a Brigada de Emerxencias

XUNTA DE AUTOPROTECCION	NOME E APELIDOS
DIRECTOR DO CENTRO	M ^a Olga Rodríguez Díaz
REPRESENTANTE DOCENTES	Sandra Cao Álvarez
REPRESENTANTE DA ANPA	Patricia García Varela
REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE	Ana Isabel Otero Magdalena

XEFE DE EMERXENCIA

Directora ou outro cargo directivo presente no centro

XEFE DE INTERVENCIÓN

Conserxe

SUPLENTE

Outro membro do Equipo Directivo presente no centro

EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCION

Cargo(s) directivo(s) presente(s) no centro

Conserxe

EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

Sector1: Profesora en 2º

Sector2: Profesora de Música ou Profesora en 4º E.I.

Sector3: Profesora en 4º

Sector4: Profesora en 5º

Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións

5.1. Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas

O mantemento das instalacións propias realizarase conforme establece a normativa vixente nas datas que hai que establecer no Plan.

Todas as instalacións teñen unha regulamentación específica e no Plan hai que establecer o control do mantemento das instalacións e, ademais, deixar constancia documental das revisións que se efectúen

Hai que revisar e manter:

- a instalación eléctrica.
- a instalación de calefacción incluíndo a caldeira, o combustible da mesma, as conducións, etc.
- o sistema de comunicacións que se teña implantado no establecemento, aparellos, equipos, bases, etc.
- os equipos de elevación con todos os seus compoñentes.

O mantemento das instalacións propias realizarase coa periodicidade seguinte:

Instalación	Periodicidade
Electricidade	Non periódica
Calefacción	Cada curso
Ascensor	Todos os meses

5.2. Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas

A normativa que establece o mantemento das instalacións é a seguinte: R.D.1942/1993 e a Orde de 16/04/1998.

Mantemento dos extintores

1. Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autorizada, ou ben, polo persoal do usuario ou titular da instalación:
 - a) Cada tres meses:
 1. Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de observación.
 2. Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc.
 3. Comprobación do peso e presión no seu caso.
 4. Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas.

2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
 - a) Cada ano:
 1. Comprobación do peso e presión no seu caso.
 2. No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello.
 3. Inspección ocular do estado das partes mecánicas.

 - b) Cada cinco anos:
 1. A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC MIE AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios.

Mantemento das BIE

1. Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autorizada, ou ben, polo persoal usuario ou titular da instalación (Concello de Malpica):
 - a) Cada tres meses:
 1. Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos.
 2. Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamiento da boquilla caso de ser de varias posicións.
 3. Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo.

4. Limpeza do conxunto e engrase de peches e bisagras en portas do armario.
2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
 - a) Cada ano:
 1. Desmonte da manguera e ensaio desta en lugar adecuado.
 2. Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche.
 3. Comprobación da estanquidad dos racores e manguera e estado das xuntas.
 4. Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) axustado no racor de conexión da manguera.
 - b) Cada 5 anos:
 1. A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm².

Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias

6.1. Identificación e clasificación das emerxencias

Seguindo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, establécense os seguintes tipos de emerxencia:

- Preemerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

En función do tipo de risco, atopamos os seguintes tipos de emerxencias posibles, a priori, no noso centro:

1. Riscos Naturais

Risco de inundacións

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación

Risco sísmico

- Non existe preemerxencia nin emerxencia parcial xa que este fenómeno non é predicible.
- A emerxencia xeral é sempre a terremoto pasado, e tomaranse medidas reparadoras.

Riscos meteorolóxicos (ou climáticos)

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil declare a situación de alerta.
- Non adoita existir emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica (calor, vento, choiva,...).

2. Riscos Antrópicos

Risco de incendio

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio.

- A emerxencia parcial prodúcese se non se domina o conato e existen sectores ou edificios diferenciados.
- A emerxencia xeral iníciase cando o incendio excede do sector ou edificio onde se produciu o conato inicial.

6.2. Procedementos de actuación ante emerxencias

a) Detección e Alerta

A ALERTA consiste en avisar á Brigada de Emerxencias para mobilizala. Defínese como: *Situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido á probable e próxima ocorrencia dun suceso ou accidente.*

O sistema de detección da emerxencia será:

- Sistemas predictivos da Administración para os fenómenos naturais.
- Detección automática para incendios, escapes, etc.
- Detección humana no resto dos casos.

A alerta transmitirase por medios técnicos sempre que sexa posible. Poden utilizarse:

- Medios de comunicación.
- Timbres.
- Sirenas.
- Megafonía.

b) Mecanismos de Alarma

A ALARMA é a comunicación da emerxencia a todos os usuarios do establecemento e, por conseguinte, a orde de evacuación dunha zona ou sector.

-) No caso de emerxencia de tipo **natural**:
 - Se a Administración avisa, farase chegar a información ás familias
 - Se é necesaria a evacuación, levarase a cabo segundo o explicado no apartado 6.3.
-) En caso de risco **antrópico**: unha vez localizado o perigo, procederase á evacuación segundo o explicado no apartado 6.3.

A forma de dar a **prealarma para prepararse** cara unha **posible evacuación** serán **3 toques curtos de sirena**.

A forma de dar a **ALARMA** para **proceder á evacuación** do centro será: **un toque prolongado de sirena.**

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos

Cando se fala de avisos, tamén se teñen dous significados:

- Aviso aos traballadores e/ou usuarios do centro de traballo.
- Aviso ás Axudas Exteriores.

Os **avisos** serán dados pola Xefa de Intervención unha vez valorados pola Xefa de Emerxencias.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil

As instrucións que debe seguir a persoa que está a cargo de dar os avisos son:

Situación de NORMALIDADE

- Manter actualizado o directorio de teléfonos de emerxencia.
- Ter sempre en lugar visible devandito directorio.

Situación de EMERXENCIA

- Efectuar as chamadas de emerxencia segundo a orde establecida.
- Dar os avisos de emerxencia polo procedemento establecido.
- Seguir as instrucións do Xefe de Emerxencias.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia

Os medios técnicos de funcionamento automático ante as emerxencias, deberán funcionar automaticamente.

Os/as alumnos/as do centro, así como os/as mestres/as ou persoal non docente, seguirá as normas incluídas neste documento. Cada curso farase un simulacro de evacuación.

6.3. Protocolo de evacuación do centro.

Ao tratarse dun centro educativo, os evacuados serán un gran número de menores de idade. Pero sempre están en compañía dun/nha mestre/a, que será o/a encargado/a de guíalos cara a saída.

En todas as aulas e estancias do colexio existe un plano do centro coas indicacións da dirección a seguir en caso de evacuación (Ver ANEXO II).

Unha vez dado o **sinal de Prealarma**, escolares e profesores prepararánse para evacuar. Pecharanse fiestras e colocaránse na porta agardando o seguinte sinal. Farase recuento de presencias. Desenchufarase todo o visible.

Unha vez dado o **sinal de alarma**, o/a mestre/a que estea en cada clase nese momento ordenará a saída collidos da man. O/a profesor/a pechará a fila. A evacuación será inmediata.

Cada Xefe/a de Sector comprobará que non queda ninguén no seu.

Haberá, xaquelogo, dous puntos de reunión:

- Patio descuberto para os cursos e aulas que evacuan pola porta de Psicomotricidade.
- Explanada do cemiterio para os que o fagan pola pasarela e os que se encontrasen no Pabillón.

Unha vez rematada a evacuación, a xefa de sector 2 e a xefa de sector 4 farán soar as sirenas de comunicación coa seguinte cadencia:

- Evacuación realizada con éxito e sen incidencias: 1 toque prolongado.
- Incidencias: Varios toques intermitentes.

Como xa vén indicado nos planos incluídos no Anexo II, farase do seguinte xeito:

) **Andar baixo**: todas as persoas que puideran estar nese momento no andar baixo sairán cara o patio descuberto. O/a Xefe do Departamento de orientación ten o cometido de avisar ao posible grupo de escolares que estivese no Pavillón. Para elo, e sempre que a situación o permita, subirá as escaleiras desde a planta baixa ata a primeira, accederá ao exterior pola pasarela e efectuará o aviso.

) **Primeiro andar**:

- **4º de Educación infantil e aula de música**: saen pola pasarela cara ao punto de encontro (explanada do cemiterio). A Xefa de sector recollerá **a bolsa comunicación** que está no vestíbulo da pasarela.
- **Biblioteca, aula de cociña e aula de informática**: saen pola pasarela cara ao punto de encontro (explanada do cemiterio).
- **5º e 6º de Educación Infantil**: saen cara ao punto de encontro polas escaleiras de Psicomotricidade (man dereita das escaleiras) cara ao punto de encontro (patio descuberto).

- **Primeiro ciclo, aula de inglés e aulas baleiras:** saen cara abaixo polas escaleiras de psicomotricidade (man esquerda) cara ao punto de encontro (patio descuberto).

) **Segundo andar:**

- **Aula de relixión, aula de inglés, aula de 3º, aula de 4º e aulas baleiras:** saen ao exterior polas escaleiras de psicomotricidade (man dereita).
- **Aulas de 4º, 5º, 6º e aulas baleiras:** saen para fóra polas escaleiras que van cara dirección (man dereita).
- **Comedor, aula de arquivo e aulas de apoio:** saen cara fora polas escaleiras que van cara dirección (man esquerda). A Xefa de sector 4 recollerá a **bolsa de comunicación** que está no armario de sirenas da entrada.

) **Pavillón:** todas as persoas que estiveran no pavillón sairán deste cara ao punto de encontró na explanada do cemiterio. O/a orientador/a será o encargado/a de dar a alarma ás persoas que estén usando o pavillón nese momento.

) Con carácter xeral, o **alumnado que se encuentre nos baños**, dirixirase con celeridade á súa aula para reunirse co seu grupo-clase. De non ser posible, unirase ao primeiro grupo que encuentre.

Na sala de mestres haberá un cartel no que se indique cada curso os/as alumnos/as con dificultades de mobilidade.

A continuación indícanse as INSTRUCCIÓNS de EVACUACIÓN dunha forma xeral para os ocupantes e as PROHIBICIÓNs ou formas de actuación que non se deben adoptar nas emerxencias.

INSTRUCCIÓNs de evacuación

1. Manter a calma.
2. Prepararse para evacuación cando se dé o sinal de prealarma.
3. Comezar a evacuación cando se dé o sinal de alarma.
4. Obedecer instrucións do E. A. E.
5. Evacuar a zona en fila e collidos da man, sempre as aulas mais próximas as escaleiras no primeiro lugar e as plantas inferiores antes cas superiores.
6. Realizar a evacuación en silencio.

7. Se a vía de evacuación está chea de fume, selar o acceso e esperar as axudas exteriores.
8. Se cando soa o sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desa circunstancia no punto de reunión.

PROHIBICIÓNS durante a evacuación

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión até nova orde.

NORMAS XERAIS

1. Cada grupo-clase abandoará a aula collidos da man formando unha fila que pechará o profesor/a.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.
3. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
4. Comunicar ao E. A. E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.

USUARIOS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE

1. Se o escolar pode moverse, abandonará o edificio cos seus compañeiros e profesor/a.
2. Se non ten mobilidade:
 - a) Alumnado de Ed. Infantil: será trasladado pola profesora no colo.
 - b) Alumnado de Primaria: permanecerá na súa aula erguendo a persiana e facéndose visible para as axudas exteriores.

Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior

7.1. Os protocolos de notificación da emerxencia

Unha vez que o ordene o Xefe de Emerxencias, realizaranse as chamadas aos Servizos de Axuda Exterior.

Como norma xeral e sempre que se necesite avisar a varios Servizos, é recomendable avisar ao teléfono de Emerxencias 1 1 2, xa que, cunha soa chamada, está a avisarse a todos os Servizos necesarios. Noutros casos, pódese chamar ao Servizo do que se necesita axuda e, posteriormente, ao 1 1 2 por se a emerxencia evoluciona negativamente e é necesaria a participación doutras Axudas Exteriores.

7.2. A coordinación entre a dirección do Plan de Autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Autoprotección

Unha vez que se solicitou axuda aos Servizos de Axuda Exterior, cando cheguen ao establecemento e sexan informados o Xefe de Emerxencias, fanse cargo da resolución da emerxencia.

En función da evolución da emerxencia, si fora necesario, o Xefe de Intervención do Servizo de Axuda Exterior Municipal poderá propor á Autoridade Política a activación do Plan de Protección Civil de Ámbito Local.

No caso de activarse o Plan de Protección Civil de Ámbito Local, a Dirección da emerxencia corresponderá ao Director do Plan, xeralmente o Alcalde, Xefe Local de Protección Civil, asistido polo Comité Asesor, e que ten no lugar da emerxencia un Posto de Mando Avanzado, composto polos Xefes de Intervención dos Servizos de Axuda Exterior Municipais.

7.3. As formas de colaboración da Organización de Autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil

O centro procurará unha colaboración bidireccional con Protección Civil e tratará de levar a cabo as seguintes actuacións:

Z De Protección Civil co Centro:

- Asesoramento na implantación.
- Colaboración na formación, tanto teórica como práctica.

Z Do Centro con Protección Civil:

- Inspeccións do establecemento para coñecelo.
- Coñecemento dos equipos instalados no mesmo.
- Participación nos simulacros para lograr unha coordinación efectiva.

Cando se fala de Protección Civil hai que referirse ao Sistema Público de Protección Civil que, como xa se indicou no apartado anterior, cada Entidade Local é autónoma para organizar os seus Servizos de Axuda Exterior como mellor lle interese en función dos recursos cos que conta.

Capítulo 8. Implantación do Plan de Autoprotección

8.1. Identificación do responsable da implantación do Plan

Ao tratarse dun centro educativo, o Plan de Autoprotección debe aprobalo o Consello Escolar.

Unha vez aprobado, será responsable da súa implantación o Equipo Directivo do centro.

8.2. Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Autoprotección

Procurarase que ao principio de cada curso, o maior número de mestres/as do Claustro (mellor se fose o cen por cen) reciba unha formación sobre os posibles perigos existentes no centro. Esta formación será impartida, na medida do posible, por especialistas na materia (membros de Protección Civil, bombeiros...).

8.3. Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Autoprotección

Unha vez aprobado o plan polo Consello Escolar, todo o persoal do centro coñecerá, en liñas xerais (profesorado, persoal non docente, membros da ANPA, persoal do comedor, etc).

8.4. Sinalización

Todas as aulas e demais estancias do colexio disporán dun plano no que se marca a dirección a seguir en caso de evacuación.

Ademais o centro disporá de carteis de dirección da saída.

Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección

9.1. Programa de reciclaxe de formación e información

Tentarase levar a cabo unha reciclaxe na formación dos membros directamente implicados no tratamento das emerxencias.

Cada curso informarase aos novos membros do Claustro de como actuar en caso de emerxencia.

9.2. Programa de simulacros

Os simulacros serven para:

- Detectar omisións nas condutas previstas no Plan.
- Adestrarse nas evacuacións.
- Medir os tempos de evacuación.
- Comprobar a localización dos medios de protección e o seu estado.
- Comprobar a rapidez de resposta das misións asignadas ás persoas.
- Comprobar a correcta posta dos equipos.
- Comprobar a sinalización.

Na fase de preparación realizarase:

- Reunións da Dirección.
- Determinación das bases ou supostos do exercicio.
- Información aos usuarios, pero sen avisar o día nin a hora.
- Determinación do día e hora do simulacro, tentando manter o factor sorpresa.
- Reunións con Axudas Exteriores, aínda que non participen no exercicio.

O desenvolvemento do simulacro terá as seguintes etapas:

- Dar o sinal de PREALARMA.
- Dar o sinal de ALARMA.
- Realizar a evacuación do establecemento.
- Os E.A.E. controlarán os tempos de evacuación da planta asignada ata o reconto no punto ou puntos de reunión.
- Ordenar o regreso ao establecemento.
- Avaliación do exercicio

Con posterioridade á realización do simulacro deberá existir unha reunión dos responsables de seguridade no establecemento, para avaliar todas as incidencias ocorridas no simulacro.

Como norma xeral, levarase a cabo un **simulacro cada curso**.

9.3. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Autoprotección

Cada curso incluírase un anexo no que se indiquen os datos que cambian con respecto ao curso anterior: número de alumnos, membros do equipo directivo, incorporación de novas tecnoloxías...

Cando a situación do centro cambie significativamente, procederase á renovación do Plan de Autoprotección.

ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN

TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR

AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS	TELÉFONO
EMERXENCIAS	112
PARQUE BOMBEIROS	080
PROTECCIÓN CIVIL (Iván)	661626166
POLICÍA LOCAL	092
GARDA CIVIL	062
POLICÍA NACIONAL	091
CENTRO DE SAÚDE	981 721 314

Anexo II. Planos

Nos planos incluídos neste apartado, aparece o sistema de evacuación explicado no apartado 6.3.

Anexo III. Mapa da localidade

Anexo IV. Sinalización interior

Anexo V. Relación de supostos

Este Plano foi revisado polo Xefe de Protección Civil de Malpica: D. José Iván Muíño Facal en Maio de 2017.

Existe unha versión anterior aprobada polo Consello Escolar o día 20 de Outubro de 2011 que queda derogada.